

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E AS ASOCIACIÓNS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,

DECLARA:

Que esta Consellería do Mar ten previsto formalizar os convenios de colaboración cos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Costa da Morte, Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia. Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra, Ría de Vigo-A Guarda e Golfo Ártabro Sur.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende formalizar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar é o órgano da Comunidade Autónoma competente para o desenvolvemento da política comunitaria da pesca.

Para a posta en marcha do Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca e segundo o Programa Español para o FEMPA de España, o día 13/12/2022 foron seleccionados como GALP as Asociacións Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro



A Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa da Morte, Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia. Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda, na mesma data foron aprobadas as súas EDLP no marco do Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 e o 9/01/2023 foron asinados os convenios de colaboración coas entidades seleccionadas.

Mediante os referidos convenios se establecen as condicións e obrigas que asumen os GALP como entidades colaboradoras da Consellería do Mar na dobre vertente de axentes de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento de dita estratexia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

